



DATOS IDENTIFICATIVOS

Caracterización e Documentación Histórico-Artística

Materia	Caracterización e Documentación Histórico-Artística			
Código	O02M143V03207			
Titulación	Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	3	OP	1	2c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Profesorado	Pérez Rodríguez, Francisco Javier Vaquero Díaz, María Beatriz			
Correo-e	mdiaz@uvigo.es			
Web	http://http://faitic.uvigo.es/			
Descrición xeral	A materia pretende dotar ao alumnado das ferramentas necesarias para a consulta de fontes bibliográficas e documentais de arquivo, gráficas e fotográficas relacionadas cun ben ou conxunto de bens e a realización de informes histórico-artísticos			

Competencias

Código	Tipoloxía
CB4	Que os estudantes saiban comunicar de forma clara e inequívoca as súas conclusións -e o coñecemento e os motivos definitivos que o sustentan- para o público especializado e non especializado.
CG1	Adquirir a capacidade para diferenciar e valorar as diversas expresións do Patrimonio cultural, coñecer as ferramentas para a súa cuantificación e protección, así como as diferentes perspectivas que abordan a súa xestión.
CE1	Poderá seleccionar as ferramentas e documentación necesarias para coñecer o ben cultural, incluso establecer metodoloxías de traballo estandarizadas.
CE11	Adquirir a capacidade de manexar ferramentas documentais e técnicas historiográficas para a caracterización do Patrimonio.
CE14	Adquirir a capacidade de divulgación e divulgación do coñecemento científico e da creación de mensaxes con fins de sensibilización social sobre o Patrimonio.
CT2	Capacidade para comunicarse oralmente e por escrito en lingua galega.
CT8	Adquirir coñecementos avanzados e demostrar, nun contexto de investigación científica e tecnolóxica ou altamente especializada, unha comprensión detallada e comprobada dos aspectos teóricos e prácticos e da metodoloxía de traballo nun ou máis campos de estudo.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
Dotar ao alumnado das ferramentas necesarias para a consulta de fontes bibliográficas e documentais de arquivo, gráficas e fotográficas relacionadas cun ben ou conxunto de bens e a realización de informes histórico-artísticos	CB4 CG1 CE1 CE11 CE14 CT2 CT8

Contidos

Tema	
1. Tratamento de fontes e documentación histórica para a caracterización de bens culturais	1.1. Presentación do tema 1.2. As hipóteses de partida 1.3. As fontes de información
2. Búsqueda e recuperación de fontes bibliográficas e arquivísticas	2.1. Presentación do tema 2.2. O acceso ás fontes bibliográficas e arquivísticas 2.3. Instrumentos para a búsqueda e recuperación de fontes bibliográficas e arquivísticas
3. Edición de fontes documentais (bibliográficas e arquivísticas)	3.1. Presentación do tema 3.2. Citas de fontes bibliográficas 3.3. Edición e citas de fontes documentais de arquivo
4. Elaboración de informes	4.1. Presentación do tema 4.2. Identificación e definición do obxecto de estudo 4.3. A realización do esquema de traballo 4.4. O valeirado das fontes 4.5. Redacción do estudo

Planificación docente

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Titoría en grupo	1	0	1
Resolución de problemas	4	34	38
Estudo de casos	0	35	35

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Sesións introdutorias, realizadas a través de vídeoconferencia ou da sala virtual da plataforma E-meeting, para tomar contacto e reunir información sobre o alumnado así como presentar a materia: os seus contidos teóricos, materiais e recursos dispoñibles, resultados da aprendizaxe e probas de avaliación.
Titoría en grupo	Sesións nas que o alumnado dialogará co profesorado da materia para o asesoramento e desenvolvemento das actividades e do proceso da aprendizaxe.
Resolución de problemas	Tarefas de búsqueda de fontes bibliográficas, documentais e gráficas; normas de edición e citas bibliográficas; e elaboración dun esquema de traballo sobre o ben cultural elixido.
Estudo de casos	Análise dun problema ou caso real coa finalidade de demostrar por parte do alumnado o dominio das ferramentas necesarias para a consulta e utilización de fontes documentais, gráficas e fotográficas relacionadas cun ben cultural elixido polo/a estudante co fin de elaborar un informe histórico-artístico.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Titoría en grupo	Ao longo do curso o profesorado manterá relación directa co alumnado co obxecto de titorizar e resolver dúbidas, mantendo interacción en tempo real mediante a través das titorías online, os foros da plataforma Moodle, a sala virtual da plataforma e-meeting e o correo electrónico.
Estudo de casos	A atención personalizada consistirá na orientación sobre metodoloxía, redacción e presentación formal do traballo sobre o ben cultural elixido polo estudante. A atención farase mediante titorías online, os foros da plataforma Moodle, a sala virtual da plataforma e-meeting e o correo electrónico.
Resolución de problemas	A atención personalizada realizarase fundamentalmente a través do foro da materia e do correo electrónico para solventar as dúbidas sobre as búsquedas de fontes bibliográficas, documentais e gráficas, e a elaboración do esquema do estudo de caso. De ser necesario utilizaranse tamén titorías online, a sala virtual da plataforma e-meeting e o correo electrónico.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
------------	---------------	------------------------

Estudo de casos	Análise dun problema ou caso real coa finalidade de que o alumnado demostre o dominio das ferramentas necesarias para a busca e consulta de fontes bibliográficas e documentais de arquivo, gráficas e fotográficas, relacionadas cun ben ou conxunto de bens culturais.	50	CB4 CG1 CE1
Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Esta materia ten como obxectivo dotar ao alumnado das ferramentas necesarias para consulta de fontes bibliográficas e documentais de arquivo, gráficas e fotográficas relacionadas cun ben ou conxunto de bens e a realización de informes histórico-artísticos.			
Resolución de problemas	Para a avaliación das competencias e coñecementos adquiridos nos temas 2, 3 e 4, o alumnado realizará de forma autónoma seis exercicios concebidos como etapas previas para a elaboración do estudo de caso, que se entregarán no curso virtual creado na plataforma Moodle. Valorarase positivamente a participación activa e individual a través de medios telemáticos.	50	CE11 CE14 CT2 CT8
Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Esta materia ten como obxectivo dotar ao alumnado das ferramentas necesarias para consulta de fontes bibliográficas e documentais de arquivo, gráficas e fotográficas relacionadas cun ben ou conxunto de bens e a realización de informes histórico-artísticos.			

Outros comentarios sobre a Avaliación

Cada estudante, segundo a normativa vixente, ten dúas convocatorias de avaliación.

A primeira lévase a cabo durante o cuadrimestre de docencia. En primeiro lugar, ao longo das semanas de docencia da materia, mediante a entrega das actividades de avaliación requiridas. No caso de que as semanas de docencia da materia non sexan suficientes para a entrega de todos os traballos previstos, habilitaranse na plataforma de docencia dúas semanas adicionais, ao final do cuadrimestre, para facilitar a devandita entrega, establecéndose neste caso un cronograma alternativo de entrega de tarefas.

A segunda avaliación realízase no mes de xullo, para o cal habilitarase de novo o acceso á plataforma docente.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Alía Miranda, F., Fuentes de información para historiadores: obras de referencia y bibliográficas, Trea, 1998, Gijón
Servei de Biblioteques i Documentació, Cómo elaborar e interpretar citas y referencias bibliográficas, Universitat de Valencia, 2010, Valencia

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

A docencia da materia lévase a cabo utilizando a plataforma docente Moodle e, de maneira presencial, participando nas actividades docentes a través de videoconferencia ou a través de ferramentas de conexión remota sincrónica (como Adobe Connect). Para poder recibir a docencia de maneira efectiva, recoméndase, previamente ao inicio da materia, consultar o manual de acceso á plataforma e seguir as especificacións técnicas para poder asistir ás sesións remotas. Esta información está disponible no espazo común do máster. É imprescindible que o alumno acceda á plataforma docente da materia previamente ao inicio da mesma.